

## RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2005

Ás 10 horas en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I** e cos asistentes que se relacionan no **ANEXO II**. Escusa a súa asistencia D. Manuel Romero Martín, por ter que asistir en Madrid a unha xuntanza na Escola Nacional de Medicina do Traballo. O Sr. Reitor abandona a reunión ás 11 horas, sendo substituído pola vicerreitora de Investigación ata o final da sesión.

### 1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor informa da publicación no BOE do 25 de xaneiro de 2005 dos Reais decretos 55/2005, do 21 de xaneiro, que establece a estrutura do ensino universitario e regula os estudos universitarios oficiais de Grao, e 56/2005, do 21 de xaneiro, que regula os estudos universitarios oficiais de Posgrao. Informa tamén de que a toma de posesión dos decanos e directores de centro e departamento elixidos durante o mes de xaneiro terá lugar nunha cerimonia conxunta o 11 de febreiro de 2005, producíndose a continuación a convocatoria para as eleccións de representantes de decanos e directores de centro, directores de departamento e de instituto no consello de goberno. Agradece aos membros do consello de goberno que cesan con este motivo os servizos prestados durante estes anos.

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa que nestes días sairá a convocatoria de axudas de investigación da UDC, en que se produciron algúns cambios respecto a convocatorias anteriores. Informa tamén de que a convocatoria de proxectos da Xunta de Galicia de 2005 recolle a incorporación dos currículos dos investigadores solicitantes no RIGA (Rexistro de Investigadores de Galicia). Como xa se informou nun correo electrónico aos investigadores, o RIGA é un programa da Xunta de Galicia que xestiona a propia Xunta, polo que non podemos modificar as súas características desde a Universidade. Abriuse este programa aos investigadores da UDC para poderen introducir o seu currículo, se ben é previsible que se produzan disfuncións ou se achen datos erróneos procedentes da descarga do programa de xestión da investigación da UDC (SIVI). Na páxina web posta a disposición da comunidade universitaria encontrarán máis información, así como un contacto para consultas ou comunicación de incidencias.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estudantes, quen informa da contratación durante o mes de decembro de 23 persoas do programa *Labora* para realizar traballos de apoio nas Aulas NET, en xornada partida, coa coordinación dos servizos informáticos da UDC. A maiores, para as Aulas NET convocáronse 44 bolsas

de colaboración, dúas por centro. Informa tamén de que o 26 de xaneiro se lles solicitou aos decanos e directores de centro que achegasen a previsión de viaxes de estudos do centro e o orzamento, para proceder ao reparto dos 38.000 euros dos orzamentos para tal fin, un 60% destes repártese a partes iguais e un 40% é variable atendendo ao número de alumnos de cada titulación. Sobre os espazos sen fume, informa da posta en marcha dun programa de tratamento para deixar de fumar, gratuíto, dirixido a toda a comunidade universitaria, nos dous campus: A Coruña e Ferrol.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor do Campus de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa da baixa de D. Pablo Gens Montes como coordinador da área relación universidade-empresa, sendo substituído por D. Alejandro García del Valle; e do seu propio nomeamento como membro da xunta reitora de FEUGA, consecuencia do nomeamento do reitor como presidente do Padroado de FEUGA.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa da validación de expedientes de gasto, da carga do orzamento durante o mes de xaneiro, o que permite tramitar xa os gastos, da denuncia do convenio colectivo polos representantes do PAS laboral, estándose a negociar un novo convenio, e dos traballos de elaboración dunha nova RPT na comisión mixta integrada por representantes da Universidade e dos sindicatos.

O Sr. Reitor dá a palabra á secretaria xeral, quen en asuntos xurídicos informa de que, con data 25-10-2004, se desestima o recurso de suplicación interposto pola UDC contra a sentenza do xulgado do social núm.1 de Ferrol, sobre o despedido improcedente de D<sup>a</sup>. María Olga Fernández González; con data 3-11-2004 o TSXG desestima o recurso interposto por D. José Carlos Santos Paz contra a inactividade da Administración pola interposición do recurso extraordinario de revisión, sobre a non inclusión deste no plano de promoción e estabilidade do profesorado universitario e outras prazas de profesorado; con data 9-12-2004 o TSXG desestima o recurso de apelación interposto por D. José Vicente Echevarría González e outros contra a sentenza do xulgado do contencioso administrativo núm.3 da Coruña, en que se declara a inadmisibilidade do recurso por litispendencia; con data 15-12-2004 o TSXG estima o recurso contencioso interposto pola CIGA contra a Resolución reitoral do 9-1-2003, mediante a que se considera titulación equivalente para os efectos da promoción interna o título propio da UDC Graduado en xestión pública universitaria; con data 19-1-2005 o TSXG estima en parte os recursos de apelación interpostos por D. Justiniano Rodríguez Soto e outros e pola UDC contra a sentenza do xulgado do contencioso administrativo núm.1 da Coruña de 26-3-2004, no único aspecto da imposición das costas de primeira instancia.

## **2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2004**

**Apróbase** por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno do día 14 de decembro de 2004.

### **3. APROBACIÓN DE CONVENIOS**

A secretaria xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO III** desta acta, solicitando o Sr. Arcay aclaración sobre o Acordo interno de colaboración para o desenvolvemento do proxecto de investigación sobre cobertura sen fíos na UDC, aclaración que se facilita.

Os convenios son **aprobados** por asentimento.

### **4. APROBACIÓN DE LICENZAS, PERMISOS E COMISIÓNS DE SERVICIOS**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa da presentación da memoria do ano sabático 2003/2004 de D<sup>a</sup>. María Cruz Iglesias García e da petición de licenza para os efectos de investigación de D. Xavier Eduardo Domínguez Pérez, profesor asociado T3 a tempo completo do departamento de Métodos Matemáticos e de Representación, para realizar unha estadía no Ottawa-Carleton Institute of Mathematics and Statistics of the University of Ottawa, do 22-2-2005 ao 26-9-2005, informadas favorablemente pola COAP na reunión do 27 de xaneiro de 2005.

A memoria e a concesión da licenza **apróbanse** por asentimento.

### **5. APROBACIÓN DE PRAZAS DE PROFESORADO**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as necesidades que dan lugar á proposta de aprobación de prazas, informadas favorablemente pola COAP na reunión do 27 de xaneiro de 2005 e engade unha praza de asociado T3P3 para a área de dereito político para cubrir a baixa por maternidade de D<sup>a</sup>. Ana Aba Catoira, que non puido ser informada pola COAP ao presentarse a solicitude recentemente.

**Apróbase** por asentimento a convocatoria de prazas de profesorado que se recolle no **ANEXO IV**.

### **6. APROBACIÓN DA NORMATIVA REGULADORA DO PROCESO EXTRAORDINARIO DE DOTACIÓN DE PRAZAS DE AXUDANTE VINCULADAS A NECESIDADES DOCENTES E Á CALIDADE INVESTIGADORA**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre a proposta de normativa reguladora do proceso extraordinario de dotación de prazas de axudante vinculadas a necesidades docentes e á calidade investigadora. Ábrese un debate en que interveñen os Sres. Arcay Varela, Valderruten Vidal, Vidal Romaní, Martínez Abella, Martínez López, De Gabriel Fernández, e Freire Botana.

A normativa, que se recolle coas modificacións acordadas no **ANEXO V**, **apróbase** por asentimento.

## **7. REGULAMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DE GRUPOS DE INVESTIGACIÓN**

A Sra. Vicerreitora de Investigación informa sobre o proxecto de regulamento para o recoñecemento de grupos de investigación. O Sr. Vidal Romaní solicita información sobre a disposición transitoria.

A normativa, que se recolle coas modificacións acordadas no **ANEXO VI**, **apróbase** por asentimento.

## **8. MODIFICACIÓN DA RPT PARA INTEGRAR O PAS FUNCIONARIO DO INEF-GALICIA**

A secretaria xeral informa sobre a proposta de modificación da RPT para integrar o PAS funcionario do INEF-Galicia.

**Apróbase** por asentimento que os dous xefes de negociado pasen a xefes de negociado con complemento de destino nivel 18 e complemento específico nivel 20, grupos C/D e os dous auxiliares administrativos pasen a xefes de grupo con complemento de destino nivel 16 e complemento específico nivel 16, grupo D, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, data da integración.

## **9. MÁSTERS E POSGRAOS**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre as propostas de implantación do Curso de especialización en habilidades no diagnóstico das enfermidades reumáticas e de modificación do Máster en planificación e xestión de empresas industriais, do título de Experto en planificación e xestión de empresas industriais, do Máster en administración financeira e tributaria, do Curso de posgrao en deseño, produción e inspección de embarcacións deportivas e de recreo, do Máster en dependencia e xestión de servizos sociais, do Curso do posgrao en dependencia e xestión de servizos sociais, do Programa de posgrao en economía e xestión da construción, especialidades de xestión de empresa constructora e xestión inmobiliaria e urbanística, e do Curso de posgrao en intermediación inmobiliaria.

As propostas de nova implantación e de modificación, que se recollen no **ANEXO VII**, **apróbanse** por asentimento.

## **10. CONVOCATORIA DE ELECCIÓN PARCIAIS DE REPRESENTANTES DE ESTUDANTES NOS CENTROS E DEPARTAMENTOS NO SUPOSTO PREVISTO NOS ARTIGOS 30.4 E 31.4 DO REGULAMENTO ELECTORAL**

A secretaria xeral informa sobre a convocatoria de eleccións parciais.

Ante as dúbidas sobre a procedencia da convocatoria en todas as circunscricións que se propuñan na documentación entregada coa convocatoria, a secretaria xeral retira o punto da orde do día.

## **11. RESOLUCIÓN DE RECURSOS**

A secretaria xeral informa sobre un recurso de alzada presentado contra o acordo adoptado pola Comisión de Doutoramento da UDC, polo que non se accede a modificar a cualificación do Diploma de Estudos Avanzados outorgada ao alumno polo tribunal cualificador, e propón a desestimación do recurso. A proposta **apróbase** por asentimento.

A secretaria xeral informa sobre o recurso de alzada presentado por D<sup>a</sup>. Elena Novo Vidal contra o acordo adoptado pola Comisión de Doutoramento de non admitir a trámite o proxecto de tese presentado e propón, en vista de que o proxecto de tese remodelado, asumindo as indicacións realizadas polos avaliadores externos, conta coa proposta favorable da Comisión de Doutoramento, a aprobación da citada proposta polo Consello de Goberno, o que implica a perda de obxecto do recurso de alzada inicialmente formulado. A proposta **apróbase** por asentimento. O Sr. Blanco Filgueira abstense.

## **12. ROGOS E PREGUNTAS**

O Sr. Fernández Fontao pregunta polo funcionamento do regulamento dos tribunais de compensación, pois entende que foi un fracaso, e polas normas de matrícula, en particular en referencia ao exame da convocatoria de fin de carreira. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa da próxima revisión das normas de matrícula e sinala que se mellorará a información sobre os tribunais de compensación. O Sr. Vicerreitor de Estudantes insiste na necesidade de contar con máis datos sobre os tribunais antes de proceder a unha revisión da normativa.

O Sr. Núñez Sal solicita ao Reitor, non presente, información sobre o rexeitamento do plano de estudos da súa titulación na segunda convocatoria da ANECA. A Sra. Vicerreitora de Investigación sinala que trasladará a pregunta ao Reitor.

O Sr. Gael Vieira pregunta sobre o censo de asociacións estudiantís e se a UDC ten accións especiais para estudantes con discapacidades físicas. O Sr. Vicerreitor de Estudantes informa de que se está a elaborar un proxecto de regulamento de asociacións, que se falará cos representantes dos estudantes e que no tema de discapacidades existen bolsas da Fundación María José Jove.

O Sr. Martínez Abella lamenta os atrasos nos pagos das bolsas, solicita que se impida que os automóviles aparquen impedindo o acceso aos discapacitados físicos, e pregunta se tras a toma de posesión do 11 de febreiro debe cesar como representante dos decanos e directores de centro, directores de departamento e de instituto. O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica sinala que non existen problemas de liquidez e que espera axilizar o pago en próximas datas. O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental pide que se lle informe no momento en que se produce o aparcamento indebido, para tomar medidas. A Sra. Vicerreitora de Investigación contesta que ao estar no Consello de Goberno nomeado como representante dos decanos e directores de centro, directores de departamento e de instituto, cesa o día 11 de febreiro.

O Sr. Vidal Romaní solicita información sobre as axudas para publicacións periódicas da Xunta de Galicia e o Servizo de Publicacións. O Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación sinala que se está a elaborar unha normativa que regule as axudas do servizo.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.00 horas.